

Concello de Vimianzo

MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 01/03/2013

Na vila de Vimianzo, ás nove horas do día un de marzo de dous mil trece, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ó obxecto de levar a cabo a sesión extraordinaria convocada para este día.

A convocatoria desta sesión plenaria de carácter extraordinario responde á solicitude presentada no Rexistro Xeral o 19/02/2013 (RE 1128) e asinada polos concelleiros D. Juan Carlos Amado Sambade e D. José Manuel Pérez Trillo, do PP; D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez, D. Manuel Soto Pérez e D.^a María Carmen Hermida Tomé, de IxV.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D. Anselmo Ramos Martínez
D. José Manuel Rodríguez Blanco
D.^a Montserrat Vázquez Miñones
D. Manuel Soto Pérez
D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez
D.^a María Carmen Hermida Tomé
D. José Manuel Perez Trillo
D. Juan Carlos Amado Sambade

Ausentes:

D.^a María José Ramos Rey
D. José Antonio Miñones Riveiro

Secretaria accidental: D.^a Ivanna Vidal Domínguez, por Resolución da Alcaldía núm.252 de data 28 de febreiro de 2013

Interventor accidental: D. José Domingo Rodríguez Ferreira, por Resolución da Alcaldía núm. 251 do 28 de febreiro de 2013.

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

DELIBERACIÓNS

1. Toma de posesión do concelleiro de Partido Popular D. Ramón Santos Vázquez

No Pleno do Concello de data 17 de xaneiro de 2013, douse conta dos escritos de renuncia presentados polo concelleiro do PP, D. Pablo López Vázquez (rexistro de entrada nº 9534 e 9533, do 22/12/2012).

Nese mesmo Pleno Tamén se dou conta do escrito con RE 9536/12 presentado por D.^a María Carmen Cundíns Varela, número cinco da candidatura do PP nas eleccións municipais de maio de 2011, que renuncia a ser proclamada electa.

O 18/02/2013 (rexistro de entrada nº 1090) á Xunta Electoral Central remitiu a credencial de D. Ramón Santos Vázquez. A Secretaria municipal fíxolle entrega da mesma o 18/02/2013, quedando constancia no expediente mediante dilixencia de entrega estendida ao efecto.

C

O 18/02/2013 (registro de saída nº 790) a Secretaría municipal informa ao Sr. Santos Vázquez das obrigas impostas polo artigo 75.7 da LBRL e dalle traslado dos modelos de declaración aprobados polo Pleno o 25 de abril de 2011.

O

O 20/02/2013 D. Ramón Santos Vázquez formulou declaración de causas de posible incompatibilidade e actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos e declaración de bens patrimoniais.

P

Para a toma de posesión utilízase a fórmula de xuramento ou promesa recollida no Real Decreto 707/79, do 5 de abril. O Sr. Alcalde pídelle a D. Ramon Santos Vázquez, que se adiante e explicalle que lle vai facer unha pregunta e que ten que respostar xura ou promete. De seguido procede a lectura da mesma:

I

A “¿Xura ou promete pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade ó rei e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?”

A

D. RAMÓN SANTOS VÁZQUEZ: “sí, xuro.”

O Sr. Alcalde, dalle a benvida e pídelle que pase a sentarse no seu sitio de concelleiro xunto ó seu grupo e lembralle que ten dereito de participar nas Comisión Informativas, segundo determine o seu grupo. Se necesita algún asesoramento que non dubide en acercarse o Concello para consultar co alcalde ou con quen considere oportuno.

P

2. Acordo, que proceda, sobre a recusación do Sr. alcalde D. Manuel Antelo Pazos, no expediente disciplinaria ED/01/2013

P

Explica o Sr. alcalde que como é interesado no expediente vaise ausentar e pasa a presidir a sesión o primeiro Teniente de alcalde, D. Fernando Mancebo Amigo.

U

Tamén se ausenta da sala de sesións a concelleira de IxV, D.^a Mónica Rodríguez Ordóñez, por ser familiar do interesado no expediente.

B

De seguido, a secretaria accidental da conta da proposta da tenencia da alcaldía e do ditaminado na Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, do 26 de febreiro de 2013, que dí o seguinte: “(...) **“PROPOSTA DA TENENCIA DA ALCALDÍA:**

L

Visto o expediente sobre o incidente de recusación do Alcalde no expediente disciplinario ED/01/2013.

I

Tendo en conta que por Resolución da Alcaldía núm.190, de data 14/02/2013, acordou delegar en mín, D.Fernando Mancebo Amigo, primeiro teniente de alcalde deste Concello, as facultades que o ordenamento xurídico atribúe á Alcaldía en relación co dito incidente dada a súa abstención.

C

Tendo en conta que D.Manuel Antelo Pazos presentou escrito o día 13/02/2013 en cumprimento do disposto no artigo 29.3 do mencionado texto legal, no que, entre outras, expón as causas polas que considera que non incurrir en ningunha das causas de abstención alegadas por D.Fernando Rodríguez Ordoñez, polo que nega a recusación formulada contra el.

A

Tendo en conta que consta na Resolución núm.191 de data 14/02/2013 que en cumprimento do art.29.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro procedeuse a realizar as comprobacións pertinentes consistentes na revisión dos documentos mencionados polo inculpado no seu escrito de recusación, conclúese que non se deduce dos mesmos a concurrencia de causa’ de abstención por enemistade manifesta do Alcalde, D.Manuel Antelo Pazos con D.Fernando Rodríguez Ordoñez e tampouco consta que exista cuestión litixiosa pendiente con algún interesado.



Concello de Vimianzo

C

Así como que se examinaron os documentos alegados por D.Manuel Antelo Pazos no seu escrito de data 13/02/2013, relativos aos permisos solicitados por D.Fernando Rodríguez Ordoñez dende a toma de posesión do Alcalde ata a actualidade, obsérvase que dito traballador recibiu un trato correcto por parte da Alcaldía.

O

P

Tendo en conta que non consta que D.Fernando Rodríguez Ordoñez recusara ao Alcalde do Concello de Vimianzo, en ningún outro procedemento dende a súa toma de posesión do cargo.

I

Tendo en conta o informe emitido polo asesor xurídico do Concello, D.Óscar Ramón Rodríguez Insua, de data 14/02/2013.

A

Tendo en conta o informe emitido pola secretaria, de data 22/02/2013

Tendo en conta o establecido no art.183.2 do RD 2568/1986 (ROF), en relación ao órgano competente para a resolución da recusación do Alcalde.

Esta Tenencia de Acaldía realiza a seguinte PROPOSTA:

Primeiro.- Desestimar a recusación presentada por D. Fernando Rodríguez Ordóñez contra D. Manuel Antelo Pazos, alcalde do Concello de Vimianzo, órgano competente para incoar o expediente disciplinario ED/01/2013, polos motivos numerados na parte expositiva."

P

Explica que sometida a antedita proposta a votación, a Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, por un voto a favor (BNG) e dúas abstencións (PSdeG-PSOE e IxV), ditou favorablemente a seguinte proposta de acordo:

U

"Desestimar a recusación presentada por D. Fernando Rodríguez Ordóñez contra D. Manuel Antelo Pazos, alcalde do Concello de Vimianzo, órgano competente para incoar o expediente disciplinario ED/01/2013, polos motivos numerados na parte expositiva da proposta."

B

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Mancebo Amigo, indica que neste expediente fíxose unha primeira fase previa e unha vez examinados os documentos existentes, determinouse que existían unha serie de irregularidades no traballo desta persoa, o que levou a iniciar o expediente disciplinario. Intentouse realizar coa máxima prudencia e con total cautela, tratando isto como un tema interno. Vemos que polo afectado presentouse esta recusación dando lugar á publicidade do asunto, incluso cunha forma torticera. Considera que se trata de dilatar o proceso en sí mesmo, xa que carece de motivación. Un dos motivos manifestados é que se ten unha enemistade manifesta co Sr. Alcalde e non é así, xa que este traballador nunca tivo problemas para pedir os días, e incluso se chegou a acordos para pedir as vacacións sen problema ningún. Alega cuestión litixiosa e non existe ningún entre o alcalde e él, o que fai referencia entre discrepancias políticas coa xente que ten lazos de familiaridade con él. O informe xurídico da análise de toda a documentación, entendemos que non é así, xa que non existe enemistade manifesta entre o alcalde e o traballador, nin existe cuestión litixiosa.

L

I

C

Por outra parte, diría que neste sentido inténtase levar o expediente en vía administrativa, o alcalde o que fai é dar orde de iniciar o expediente. O instructor é un funcionario do grupo A doutro concello e non pode haber dúbida que vai ser imparcial nesta cuestión, e a secretaria é a do Concello, funcionaria do Grupo A. Teñen unha responsabilidade, ningún vai tomar unha decisión no expediente que non sexa conforme á normativa.

A

Non é extraño que se deba chegar a estes extremos, e bastante común noutros sitios. Aquí non ocorreu antes, pero nunha plantilla de 50 ou 60 persoas é normal. Nun momento determinado enténdese que esa persoa non cumpre coas funcións e despois de intentar varias veces por cauces habituais, indicándolle que non se está facendo ben o traballo e que hai queixas, incluso con lecturas erróneas, incurrindo en delitos xa que hai lecturas alteradas e por tanto está afectando o bolsillo dos veciños, xa que poden estar pagando de máis. Incluso aplicando mal as

C

O

taxas e prezos públicos, sobre todo na aplicación do canon da auga, dado que este canon ten unha escala progresiva e non é igual que se lle cobre cada trimestre 20 m/3, que durante dous trimestres non se lle cobre nada, e logo no outro trimestre cobrarlle 60 m/3, por tanto estase alterando en 40 m/3.

A proposta da Alcaldía é que non existen motivos para a recusación do Sr. Alcalde.

P

Intervén a concelleira do PSdeG-PSOE, a Sra. Vázquez Miñones, para decir que non tiveron todo o expediente, xa que faltan as denuncias. Continúa para decir que non saben quen ten a razón, se o traballador ou o Concello, por iso queren que conste no expediente un informe externo do departamento xurídico de asistencia a municipios da Deputación, para así poder decidir sobre esta cuestión. Polo tanto pide que quede o asunto sobre a mesa ata que exista no expediente o indicado informe e poder tomar unha decisión.

I

A

Interviu o concelleiro de IxV, Sr. Soto Pérez, para decir que sobre os días e vacacións do traballo, é un dereito do traballador, non é unha gracia que lle dá o alcalde por levarse ben con él. En canto os motivos de recusación considera que sí concurren. E certo que o papel do alcalde non é máis que impulsar, e se ten unha recusación que se aparte para tramitalo con todas as garantías. Na prensa non abundan este tipo de noticias e cando hai un sae en todos os xornais.

Aluden a un informe da Secretaria e pola documentación que obra no expediente tamén foi recusada, polo tanto a proposta do alcalde é "non me recusedes". Segue para decir que o seu grupo está a favor da recusación. Considera acertado que exista un informe externo para que alguén con maior imparcialidade emita ese informe para logo tomar unha decisión.

P

Considera que se debe deixar o asunto sobre a mesa.

O

O concelleiro do PP, indica que non se sabe quen ten a razón neste asunto, por tanto consideran que o asunto debe quedar sobre a mesa.

B

L

I

C

A


O Sr. Mancebo Amigo, indica que non van dicir quen ten a razón, para iso hai un instructor. Hai un funcionario doutro concello. Estamos para votar a recusación, non cabe que quede sobre a mesa, porque podemos estar vulnerando o dereito do traballador. Hai que pronunciarse a favor ou en contra da recusación. Se se vota en contra automaticamente hai que nomear outro impulsor, ou sexa propoñer outra persoa para impulsar o expediente, para que poida asinar a resolución que se debe adoptar segundo o ditame do instructor, xa que éste ditamine o que corresponde. O

que non se pode facer e poñer en dúbida o papel dunha funcionario grupo A, nin o papel do asesor xurídico do Concello. Os servizos xurídicos da Deputación hai que recurrir cando o Concello non teña persoal para facelo. Insiste en que se debe de aceptar ou non a recusación, no caso de que se acepte hai que nomear outra persoa. Vótase a favor ou en contra. Considera que hai máis persoas que deberían de ausentarse.

Pide a Sra. Vázquez Miñones que quede sobre a mesa.

Dille o Sr. Mancebo Amigo que non debe quedar sobre a mesa, é un punto que está claro, hai que votalo. Estase dilatando o expediente. A proposta e desestimar ou non a recusación. Se se desestima nomease outra persoa, non teñen ningún interese en que sexa o Sr. Alcalde.

O Sr. Soto Pérez, indica que o ROF establece que cando un concelleiro pide que un asunto queda sobra a mesa, débese de votar. E se coñece alguén que se deba ausentar do Pleno, debería de advertilo e non facer como sempre. Indica que con él non concorre ningunha circunstancia para ausentarse do Pleno. Segue dicindo que non é certo que a palabra dun funcionario sexa inamobile, hai secretarios que polo traballo que fan deixan de ser funcionarios polo que fixeron, e incluso hai xuíces que prevaricaron. A palabra da secretaria non é "Dios", porque ademais está recusada. Considera que existen causas clarísimas para a recusación. Parécelle ben que exista un informe externo e alexado do que vostedes controlan. Nos expedientes o principio que debe presidilos non é o de celeridade, senón o de garantía. Hai un ano para tramitar este expediente, collan a cousa con pausa non é o que decidan vostedes, é o



Concello de Vimianzo

C
O
P
I
A
P
Ú
B
L
I
C
A

que decide o Pleno. Non se vai votar o que non teñen que votar. Vaise pedir un informe externo que é o quere o Pleno, e iso é o que se vai votar.

Dille o Sr. Mancebo Amigo a secretaria accidental que proceda a dar lectura o informe de Secretaría existente no expediente.

Indica o Sr. Soto Perez que está recusada.

Aclara o Sr. Mancebo Amigo que non está recusada, porque esa recusación xa está resolta.

A secretaria accidental, a petición do alcalde accidental, procede a dar lectura a unha parte do informe de secretaria, en relación ás causas de abstencións, que di o seguinte: "(...) Evidentemente, o alcalde recusado non pode intervir nin votar cando se trate o asunto da recusación na dita sesión plenaria, do mesmo xeito que tampouco poden intervir os concelleiros nos que concurra causa de abstención co interesado no expediente, D. Fernando Rodríguez Ordóñez. Así o esixe o artigo 76 da LBRL, so pena de invalidez dos actos nos que tiveran intervención, cando a actuación de ditos membros fora determinante.

Segundo o escrito de recusación presentado polo interesado o 11 de febreiro de 2013 (RE 924), D. Fernando Rodríguez Ordóñez é familiar directo da concelleira de IxV D.^a Mónica Rodríguez Ordóñez ("primo hermano", segundo afirma); e tamén do concelleiro do PSOE D. José Antonio Miñones Riveiro "con el que guardo parentesco por consanguinidad en 4º grado", segundo manifesta. Polo tanto, ambos concelleiros incorren en causa de abstención do art. 28.2.b) da Lei 30/1992.

Non obstante, no caso de que calquera outro membro da Corporación estea incurso en causa de abstención das descritas no artigo 28.2 da Lei 30/1992, debe absterse de intervir e votar na resolución da recusación."

O Sr. Mancebo Amigo, indica que se a dúbida do expediente é a recusación, pódese votar en contra e nomease outro impulsor. En canto ós tempos márcaos o instructor.

O Sr. Soto Pérez, indícalle que o Pleno quere que o asunto quede sobre a mesa, tal e como manifestaron os concelleiros nas súas intervencións.

Dille o Sr. Mancebo Amigo que quen está presidindo a sesión é el, que ten todo dereito a presentarse as eleccións e cando salga elixido poderá presidir a sesión. Non pode tratar de impoñer o seu criterio.

Segue para dicir que se debe votar este asunto. Estamos vulnerando o dereito do traballador, nin o traballador está cuestionando o expediente o que esá facendo e poñendo de manifesto as discrepancias políticas, ou sexa que está politizando o expediente. Hai que votalo e se se recusa ao alcalde hai que nomear un novo impulsor.

A Sra. Vázquez Miñones insiste en que o expediente quede sobre a mesa.

Intervén o Sr. Rodríguez Blanco, para dicir que o Sr. Alcalde en funcións, non se está enterando do que piden. Están pedindo que o asunto quede sobre a mesa. Vai ter que deixar que se vote. Queremos ter un informe externo para tomar unha decisión, non váia ser que pase o mesmo que co estudo de detalle. Xa sabemos que hai un informe do letrado do Concello pero queremos que exista outro informe externo, concretamente da Deputación.

O Sr. Mancebo Amigo, indica que o Sr. Alcalde non quere estar como impulsor do expediente por tanto o que hai que facer e votar a recusación e se éste queda recusado, nomear outro impulsor para o expediente.

O Sr. Soto Pérez, indica que o art. 92 do ROF é clarísimo e di que calquera concelleiro membro dun Pleno se propoñe que quede un asunto sobre a mesa para pedir máis informes para tomar unha decisión, debe votarse esta cuestión. O que pasa que aquí o Sr. Alcalde en funcións vese nun dilema, porque os tres grupos estanllo pedindo e debe aceptalo. Vostede pertence a un órgano colexiado que pode presidilo e organizar o debate e utilizar o voto de calidade, se fose o caso, neste caso non vai ser así porque os outros concelleiros están de acordo e son maioría. Vaise votar o queira o Pleno, non o que vostede queira, forma parte dun grupo que vai tomar unha decisión. Están amparados polo art. 92 do ROF, polo tanto queren un informe externo da Deputación para sentirse asesorados. Non pode tomar outra decisión e senon esta saltando a Lei.

C

O

P

I

A

P

Ú

B

L

I

C

A

O Sr. Mancebo Amigo indica que se está actuando de moi mala fe, porque o que se trata é de decidir sobre a recusación e non teñen problema para nomear outro impulsor, nembargantes o que se están tratando é de relentizar o expediente. Considera que se debe votar a recusación e nomear outro concelleiro, poden ser incluso calquera dos grupos da oposición, pero vostedes o que queren é dilatar o expediente. Indica que hai unha advertencia do instructor, no senso de que pode haber indicios de delito e se esa é a actitude da oposición, a do grupo de goberno tamén pode ser remitir o expediente á Fiscalía e que se decida noutras instancias. Considera que están tratando de obstaculizar a tramitación do expediente. Non se necesitan máis informes, trátase de decidir sobre a recusión do alcalde, por tanto póñanse algún de vostedes para impulsar o expediente.

O Sr Soto Pérez pide a palabra e o Sr. Mancebo Amigo, indica que xa está máis que debatido, por tanto procede a someter a votación a proposta de quedar sobre a mesa o expediente.

Sometido a proposta de quedar sobre a mesa este punto da orde do día, con sete votos a favor, do PSdeG-PSOE (Sr. Rodríguez Blanco e Sara. Vázquez Miñones), de IxV (Sr. Soto Pérez e Sra. Hermida Tomé) e do PP (Sr. Amado Sambade, Sr. Pérez Trillo e Sr. Santos Vázquez), dous votos en contra do BNG (Sr. Mancebo Amigo e Sr. Ramos Martínez) e ningunha abstención, o Pleno do Concello, ACORDA:

Deixar sobre a mesa este asunto, ata que conste no expediente o informe que se debe solicitar á Deputación Provincial da Coruña en relación a esta cuestión.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as nove horas e trinta minutos, pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta- borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o un de marzo de dous mil trece.

ALCALDE

SECRETARIA ACC.

